



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e a Asociación Esperanza Salnés*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 25 de febreiro de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E A ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS**

1.- O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias, correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro, no marco das competencias en materia de asociacións e fundacións.

2.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes actuacións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes de capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais

A Asociación Esperanza Salnés está a desenvolver actividades de Atención Terapéutica de nenos e nenas con discapacidade física ou intelectual de moi diversas patoloxías. Para a consecución deste obxectivo esta asociación está levando a cabo distintas actividades para proporcionar unha atención terapéutica especializada e individualizada nas distintas áreas de actuación ás persoas con calquera tipo de minusvalía de idades comprendidas entre os 2 e os 18 anos, salvo excepcións puntuais, tanto escolarizadas como sen escolarizar debido ás patoloxías asociadas, co fin de axudar a mellorar a súa calidade de vida e á súa integración plena no ámbito educativo e socio-familiar

O obxecto da Asociación Esperanza Salnés é a promoción e realización de actividades que sexan contributivas de atender as necesidades e mellorar a calidade de vida dos nenos/as e mozos/as de entre 2 e 18 anos que padezan algunha discapacidade física, intelectual, sensorial, parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, incidindo especialmente no eido asistencial e favorecendo a súa





integración familiar, social e laboral.

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Esperanza Salnés o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2019.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Esperanza Salnés coa colaboración na realización durante o ano 2019 das actividades e programas de Intervención Terapéutica especializada e individualizada nas distintas áreas de actuación ás persoas con calquera tipo de minusvalía de idades comprendidas entre os 2 e os 18 anos.

5.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Esperanza Salnés no desenvolvemento destas actividades.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará á Asociación Esperanza Salnés a cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 21 121A 481.1 (código de proxecto 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

Na cláusula cuarta do convenio recollese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo 2021

